


200 nm

Foto: Carla Estévez Varela

OUTUBRO 2025

RESUMO MENSUAL DE ACTIVIDADES





Con O de Ouro

A fotografía de outubro no calendario do #teamCINBIO está realizada por Carla Estévez Varela, do grupo NanoBioMateriais Funcionais (FunNanoBio).

Nela podemos observar nanocilindros de ouro vistos no microscopio electrónico de transmisión.



Seminario José Fernando Díaz

O venres 3 de outubro, o Dr. José Fernando Díaz (*Centro de Investigaciones Biológicas Margarita Salas, CSIC*) ofreceu o seminario "Tubulin targeted chemotherapy: A story of nature's power" dentro do ciclo CINBIO Seminar Programme. [Máis información.](#)



World's Top 2% Scientist

O investigador e líder do grupo de Filoxenómica do CINBIO, David Posada, volve liderar a lista dos 48 investigadores da Universidade de Vigo máis citados do mundo, segundo o ranking elaborado pola Universidade de Stanford e Elsevier. [Máis información.](#)



Seminario Beatriz Piñeiro

O xoves 9 de outubro, a Dra. Beatriz Piñeiro Lago (CEO de Economía Circular e líder da Advanced Leadership Foundation) ofreceu o seminario "Liderando o reto climático global: o Servizo Galego de Saúde como campión climático". [Máis información.](#)




Entrevista a David Posada

O Atlántico Diario fíxose eco da traxectoria investigadora de David Posada, líder do grupo de Filoxenómica do CINBIO, a través dunha entrevista na que se incide na súa especialidade en bioloxía evolutiva e nos seus traballos sobre a evolución do cancro. [Máis información.](#)



Xornada 'Falemos de ciencia'

O 10 de outubro celebramos a VI xornada 'Falemos de ciencia en igualdade' baixo o lema 'Por unha Wikipedia científica e galega'. Unha acción promovida polo CINBIO co apoio da Unidade de Igualdade da UVigo, na que se presentou o proxecto 'Máis científicas galegas na Wikipedia'. [Máis información.](#)



Seminario Pablo Aguiar

O xoves 16 de outubro, o Dr. Pablo Aguiar Fernández (*Center for Research in Molecular Medicine and Chronic Diseases, Universidade de Santiago de Compostela*) ofreceu o seminario "Translational PET imaging and theragnosis" dentro do ciclo CINBIO Seminar Programme. [Máis información.](#)



OUTUBRO 2025

FORO EMPREN+AP

O venres 24 de outubro celebramos o Foro EMPREN+AP, unha xornada sobre emprendemento no ámbito académico, centrada nas políticas públicas para a innovación e o emprendemento. Un evento que forma parte do programa EMPREN+AP, unha iniciativa promovida polo CINBIO en colaboración coa Axencia GAIN, e financiada pola FECYT en colaboración coa ONAC.

A xornada serviu como punto de encontro entre expertos/as en políticas públicas, persoal investigador, emprendedores/as e empresas para discutir e propoñer melloras nas políticas públicas de apoio ao emprendemento e a innovación. Tras a inauguración institucional por parte de Miguel Correa, e o vicedecano da Facultade de Dirección e Xestión Pública da UVigo, Xosé María Mahou; a directora da OTC da UVigo, Ángeles López Lozano, ofreceu a conferencia inaugural 'O papel das políticas públicas no fomento do emprendemento'. Tras ela, interviron representantes do CDTI e da Axencia GAIN para rematar cun coloquio e un taller. [Máis información.](#)



Fake news xénero na ciencia'

O 17 de outubro celebramos a primeira edición da xornada 'Fake news de xénero na ciencia: como detectar e verificar a desinformación'. Unha acción organizada polo CINBIO co apoio da Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo. [Máis info.](#)



Seminario Ana Covelo

O xoves 23 de outubro tivemos a oportunidade de coñecer o traballo de Ana Covelo, do Grupo Neurocircuits do CINBIO, que impartiu a charla "Astrocyte-Neuron crosstalk in the brain reward system" dentro do ciclo "Coñece ao #teamCINBIO". [Máis información.](#)



Seminario Yury V. Kolen'ko

O xoves 30 de outubro, o Dr. Yury V. Kolen'ko (*International Iberian Nanotechnology Laboratory, Braga, Portugal*) ofreceu o seminario "Spin-Polarized Catalysts for Energy-Efficient AEM Water Electrolysis", dentro do ciclo "CINBIO Seminar Programme". [Máis información.](#)

ADIANTO NOVIEMBRE 2025

SEMINARIOS, TESES E OUTROS



- **REDEIRAS 'BEYOND THE LAB' | Mércores 19 de novembro ás 18:00h no Edificio Redeiras.**

O edificio Redeiras da UVigo acollerá un encontro organizado polo CINBIO para compartir e fomentar o *networking* entre profesionais do ámbito científico e tecnolóxico. Unha cita que forma parte do proxecto EMPREN+AP e porá o foco nas persoas que saben moverse entre mundos distintos: que unen a investigación coa creatividade, a empresa coa universidade, a tecnoloxía coa sociedade. Terá lugar o mércores 19 de novembro a partir das 18:00 horas no edificio Redeiras, situado na praza do Berbés de Vigo. [Máis información e inscricións.](#)



- **TESE LARA GONZÁLEZ CABALEIRO | Xoves 13 de novembro ás 11:00h**

O xoves 13 de novembro ás 11:00 horas, Lara González Cabaleiro, do Grupo de NanoBioMateriais Funcionais (FunNanoBio) do CINBIO, defenderá a súa tese de doutoramento baixo o título “Engineering Plasmonic Nanostructures for Diagnostics and Living Therapeutics”. [Máis info.](#)

- **TESE BELÉN ARJONES FERNÁNDEZ | Luns 17 de novembro ás 12:00h**

O luns 17 de novembro ás 12:00 horas, Belén Arjones Fernández, do grupo TeamNanoTech (TNT) do CINBIO, defenderá a súa tese de doutoramento baixo o título “Fabricación de nuevas nanoestructuras híbridas para aplicaciones fotocatalíticas”. [Máis info.](#)

- **TESE NADESH FIUZA MANEIRO | Luns 24 de novembro ás 11:00h**

O 24 de novembro ás 11:00h, Nadesh Fiuza Maneiro, do grupo de Física e Química de Materiais (MCPG) do CINBIO, defenderá a súa tese de doutoramento baixo o título “Surface Passivation Strategies and Chiral Emission Engineering in Halide Perovskite Nanocrystals”. [Máis info.](#)



- **#teamCINBIO GATHERING** | Mércores 17 de decembro ás 12:00h. no Edificio CITEXVI.



O 17 de decembro terá lugar unha xornada especial do #teamCINBIO para compartir ideas, obxectivos e as liñas estratéxicas que marcarán o rumbo do noso centro no vindeiro ano.

Para rematar a xornada compartiremos uns petiscos no corredor da Sala de Seminarios (entrada desde CITEXVI).

Máis información e inscricións.

- **Formación BIOEXPERIMENTACIÓN** | Xoves 18 de decembro ás 11:00h. na sala de Seminarios. Isabel Manzano, de Lonza, impartirá un seminario dentro da ciclo de formación continuada de Bioexperimentación. Proximamente máis información en <https://cinbio.es/difusion/eventos/>


- **TESE PAULA MORA AYUSO** | Xoves 18 de decembro
O xoves 18 de decembro, Paula Mora, do grupo ORCHID do CINBIO, defenderá a súa tese de doutoramento. Proximamente máis información en <https://cinbio.es/difusion/eventos/>

- **TESE ÓSCAR IGLESIAS MENDUÍÑA** | Venres 19 de decembro ás 11:30h
O venres 19 de decembro ás 11:30h, Óscar Iglesias Menguíña, do grupo ORCHID do CINBIO, defenderá a súa tese de doutoramento baixo o título “Macrolactamas Poliénicas: Síntesis Estereoselectiva y Determinación Estructural”. Máis información.

- **IYI MEETING 2025** | Luns 29 de decembro ás 10:00h. no Edificio Redeiras

O luns 29 de decembro terá lugar unha nova edición do IYI Meeting, a reunión de persoal investigador no estranxeiro. O propósito desta xornada é aproveitar a volta a Galicia polo Nadal de persoal investigador que traballa no estranxeiro, para dar a coñecer o seu traballo, fomentar sinerxías, e estar ao tanto de posibles oportunidades de retorno. Máis info e inscricións a partir do 15 de novembro na web do IYI Meeting.





cinbio.es

